



TALLER DE FOTOGRAFÍA DE RÚA

Unha mirada sobre O Carballiño

LUGAR: O Carballiño (Ourense)
DATAS: 19 e 20 de maio.
INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:
potinos.com



OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DE RÚA

A rúa é un inmenso escaparate en constante cambio e movemento que ofrece múltiples opcións. Isto fai que ao principio un se sinta perdido e non saiba moi ben que fotografar nin como. Pero cando se adquire unha mínima base, a rúa engánchate e xa non poderás deixar de fotografala. Canto máis a recorres e te deixas levar polo vagabundeo intuitivo, atoparás nos seus rincóns múltiples oportunidades e quererás descubrir outros novos. A cidade ou o noso pobo, o espazo público en xeral é unha fonte inagotable de imaxes. Nós decidimos a que, cando, con que, pero sobre todo, *como* fotografala.

O OBRADOIRO

Divídese en tres partes de igual importancia. A charla teórica, as prácticas en espazos públicos e o visionado, valoración e comentarios dos traballos. Desenvolverase en 4 sesións.

Charla teórica: Exporanse diferentes temas como a elección da cámara, de que trata a fotografía de rúa e uns breves apuntes históricos, visionaranse obras de autores clásicos e contemporáneos, a composición, como moverse na rúa ou como buscar unha mirada máis persoal e como abordar traballos persoais no espazo público.

Práctica: Sairase pola cidade pondo en practica as cuestións impartidas na parte teórica, pero sempre buscando a mirada persoal. Deixarase plena liberdade de movementos aos alumnos, aínda que sempre contarán co asesoramento do profesor si así o requiren.

Visionado e valoración: A terceira parte consiste no visionado e comentarios do traballo realizado e seleccionado previamente. Facilitarase o debate para que todo o alumnado poida ver e opinar sobre os traballos realizados. Trátase de encamiñar ao alumno para que potencie a súa creatividade, busque unha mirada persoal e plasme sobre o papel o que a súa imaxinación e mirada sexan capaces de crear.

A QUEN VAI DIRIXIDO

O Obradoiro está dirixido tanto a fotógrafos de nivel medio ou avanzado como a principiantes, que queiran adentrarse no mundo da fotografía de rúa ou que teñan algúns coñecimentos e queiran profundizar un pouco máis nela. Só é necesario dispor dunha cámara coa que estes familiarizado (móvil, compacta, reflex, etc). Tamén debes dispor dos medios necesarios cos que almacenar e seleccionar as túas imaxes. O ideal é un pequeno portátil e un pendrive.

OBXECTIVOS

Axudar ao alumno a perder o medo a fotografar á xente na rúa, a moverse mellor nun entorno tan cambiante como é o espazo público. Non só a niveis técnicos, senon tamén conceptuais para que poida empezar a desenvolver a súa propia mirada, a súa creatividade ou a súa forma de facer fotografía de rúa.



IMPARTE

Alberte A. Pereira (A Guarda - Galicia 1964)

Fotógrafo autodidacta e independente. Despois dos seus primeiros contactos coa fotografía nos 80, é a partir de 2012 cando realmente se involucra máis e se decanta pola fotografía documental e de rúa.

En 2016, xunto con outros fotógrafos, funda Quitar Fotos, Un espazo de reflexión, diálogo e difusión de propostas visuais de rúa e documentais.

As súas imaxes ten sido publicadas en medios impresos e dixitais, e exhibidas en salas de Vigo, Santiago, A Coruña, Ferrol, Lisboa, Londres, Miami e San Francisco.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

2º Premio do LensCulture Street Photography Awards 2017 e TOP 100 en 2016; Finalista no Miami Street Photography Festival (MSPF) 2017 e 2015; Finalista no StreetFoto San Francisco 2017 e 2016; Finalista no London Photo Festival 2016, Mención de Honra no PX3 The Prix de la Photographie Paris 2017 e no IPA Int'l Photography Awards 2016, Los Ángeles.




LIBERIA
Ceci n'est pas une pipe

PEACE LOVE & RUSSIAN ROLL TOUR

PINTURAS
REFORMAS EN
CONSTRUCION EN
Estacion GAZ 730 410

Desde 12 Diciembre
MADRID
con FERRARI
MADRID 11000
radio 3



graffiti text: *gru... ACMA*

SONORA MADRID

JACK SAVORETTI

TEATRO BARCELÓ

6 FEB
Sábado 19:00h

El arte de ser escritor
El último manual de escritura creativa
de Ramon Sanch

Presentación
El arte de ser es
de Ramon

SAB 2



Super

SUMMER FUN DAY TIME

STEVE

MAIN ROOM
GUEST STAR

BRIAN CRO

Abellhekid

JAVIERNA B2B RAUL

OXIA •
GONCALO •

MANUEL DEL PUECO •
JOSEPH JOUR

UPPERGROUND

RESERVAS UP FRONT •
ENTRADA AUTOMÁTICA
CON 2 CARAS

AL DE
FUELA
HTTP://WWW